

Lembrando a Chichi Campos

O 26 de febreiro van quince anos da morte do humorista e activista cultural

A.N.T.
 A semana pasada publicabamos un texto de Xesús Campos, o *Chichi* como era coñecido por todos os seus amigos. *Brillantina estaba* referido ao novo embaixador español no Vaticano, Francisco Vázquez. O texto conservaba, con dúas décadas enriba, a precisión crítica e o retrato axustado que caracterizou o humor, tanto debuxado como escrito, de Xesús Campos, de quen se cumpren agora quince anos da súa morte, aos 38 anos de idade.

De Xesús Campos quedaron en numerosas publicacións rastros da súa actividade continua, pois non todos os seus traballos se moveron no campo do humor, aínda que esta fose a súa produción con máis proxección. Apenas dous libros podemos atopar hoxe para percorrer a súa obra. O primeiro, en Edicións A Nosa Terra, *Estampas do mundo elegante* que recollen unha parte importante dos seus escritos neste semanario. O segundo, *Unha visión aguda e vertixinosa de Galicia*, o librocatalógo que en 1993 editou o Consorcio de Santiago, no que ademais de moitos debuxos seus, hai un amplo portfolio fotobiográfico e unha sorte de libro dos amigos, que serve para entender moi ben cal era a súa personalidade política e humana.

Nacido en La Laguna (Tenerife), fillo dun militar e sétimo dunha familia con doce irmáns, cando Xesús Campos cumpre tres anos instálase na Coruña. Cara ao ano 1969 é cando se sitúa o comezo do seu compromiso político e cultural, ingresando no Partido Comunista de Galicia en 1974. Traballou en diversas galerías de arte, librarías, foi editor e é unha referencia fundamental da actividade cultural en Compostela nos anos finais do franquismo e da transición. En 1984 fundou con Pepe Barro e Xosé Díaz o estudo de deseño BC&D, e nestes anos comeza a súa colaboración con *A Nosa Terra*, *Can sen Dono*, *El Correo Gallego*, *Diario 16 de Galicia* e *Xornal Diario*.

De Pepe Barro recollemos unha mostra do seu retrato naquel libro colectivo, "nunca tiña vagar: arte na rúa (Nova), na galería, para a galería, na casa, no traballo, no pub, na discoteca, no almorzo do día despois. Calquera momento e lugar eran propicios para a súa arte apegada ao inmediato, ao instante, ao minuto, ao amigo, ao coñecido, ao que despistado pasaba por alí. Arte instantánea, arte popular, arti-maña, arte a medida, *pret a porter*, arte pronta, im-pronta (persoal). Chiste gráfico, chiste rápido (só coa lingua era máis rápido que coa pluma), chiste dedicado, chiste disparado, furado, desaforado, demoleador...". ♦



Co escultor Francisco Leiro, un 25 de xullo, fronte ao café Azul.

XAN CARBALLA



¿DOG MÁTICO EU, FILLO DE PUTA? ¿DOG MÁTICO DE QUE MAMÓN?

